

9) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.

10) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 15 de outubro de 2007 sobre delegación de competencias no secretario xeral da Presidencia.

De acordo co disposto na disposición adicional primeira do Decreto 44/2006, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 145/2007, do 19 de xullo, estes órganos estarán baixo a dependencia orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que exercerá respecto deles todas as competencias en materia de persoal e as xestionará a través da Secretaría Xeral da Presidencia.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria, dentro do respecto aos principios informadores da actuación administrativa que se recollen no artigo 103.1º da nosa Constitución.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, na redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de conformidade co disposto no artigo 13 da Ley 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a prol dunha maior eficacia na xestión do persoal dependente dos órganos superiores da Presidencia e da Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Deléganse na Secretaría Xeral da Presidencia as facultades que lle corresponden ao conselleiro en materia de persoal, en relación ao persoal dependente dos distintos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, nos termos previstos no artigo 15 da Lei 4/1988, do 26 de maio, e demais disposicións en vigor.

Artigo 2º

As resolucións administrativas que se adopten facendo uso da delegación contida nesta orde farán constar expresamente esta circunstancia e considéranse ditadas polo órgano delegante.

Artigo 3º

Esta delegación estará vixente en tanto en canto se manteña a súa habilitación regulamentaria.

Artigo 4º

Esta delegación supón a advocación previa da delegación de competencias previstas no artigo 1.e) da Orde do 11 de agosto de 2005 sobre delegación de competencias no secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que se refire ao persoal dependente dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia.

Disposición derogatoria

Queda derogada a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de marzo de 2006, pola que se dispón a encomenda á Secretaría Xeral da Presidencia da xestión do persoal dos distintos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 18 de outubro de 2007 pola que se modifica a do 29 de maio pola que se actualiza a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 5.1º que todas as persoas deben ter a posibilidade de se formar ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificación e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional; cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

A Orde do 23 de abril de 2007 regulou o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior.

A Orde do 29 de maio de 2007 actualizou a oferta modular polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión para que as persoas adultas posúan unha oferta, de xeito parcial por módulos, diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

De acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.-Modificar a Orde do 29 de maio de 2007, pola que se actualiza a oferta modular polo

réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008, engadindo á oferta educativa que figura no seu anexo a autorización para a implantación dos módulos nos ciclos formativos e centros educativos que se relacionan no anexo I, e suprimindo dela a autorización para implantar os módulos dos ciclos formativos e centros que se indican no anexo II.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Secretaría Xeral, á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptaren as medidas necesarias para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

A Coruña

Concello	Código centro	Centro	Familia profesional	Código ciclo	Ciclo formativo	Código módulo	Módulo
A Coruña	15027800	IES Imaxe e Son	Comunicación, imaxe e son	ZS07001	Realización de audiovisuais e espectáculos	CS0145	Realización en multimedia
	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	Sanidade	ZS19007	Laboratorio de diagnóstico clínico	CS0471	Fundamentos e técnicas de análises hematolóxicas e citolóxicas
				ZS19011	Audioprótese	CS0608	Acústica
Ferrol	15006754	IES Marqués de Suanzes	Electricidade e electrónica	ZM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0122	Calidade
						CM0124	Electrónica dixital e microprogramable
						CM0FOL	Formación e orientación laboral
				ZM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	CMAECE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
						CM0122	Calidade
			Fabricación mecánica	ZM10001	Soldadura e caldeiraría	CM0135	Instalacións singulares en vivendas e edificios
						CM0137	Seguridade nas instalacións eléctricas
						CM0153	Montaxe de construcións metálicas
						CM0156	Seguridade nas industrias de construcións metálicas
						CM0161	Soldadura en atmosfera protexida
Santiago de Compostela	15032391	CIFP Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago	Madeira e moble	ZS15002	Produción de madeira e moble	CS0321	Fabricación automatizada en industrias da madeira e o moble
						CS0325	Organización da produción en industrias da madeira e o moble
						CS0332	Xestión da calidade en industrias da madeira e o moble
						CS0335	Xestión e control da produción en industrias da madeira e o moble
						CS0FOL	Formación e orientación laboral
CS0RCT	Relacións no contorno de traballo						

Lugo

Concello	Código centro	Centro	Familia profesional	Código ciclo	Ciclo formativo	Código módulo	Módulo
Mondoñedo	27006966	IES San Rosendo	Actividades agrarias	ZM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	CM0004	Aproveitamentos forestais

Pontevedra

Concello	Código centro	Centro	Familia profesional	Código ciclo	Ciclo formativo	Código módulo	Módulo
Pontevedra	36014489	IES A Xunqueira	Electricidade e electrónica	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0RCT	Relacións no contorno de traballo
	36006730	IES Frei Martín Sarmiento	Imaxe persoal	ZM12003	Perrucaría	CM0175	Cambios de forma no cabelo
Redondela	36019566	IES de Chapela	Sanidade	ZS19003	Dietética	CS0453	Educación sanitaria e promoción da saúde
						CS0478	Microbioloxía e hixiene alimentaria
						CS0497	Proxecto integrado
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Sanidade	ZS19007	Laboratorio de diagnóstico clínico	CS0471	Fundamentos e técnicas de análises hematolóxicas e citolóxicas
	36011634	IES Politécnico	Edificación e obra civil	ZS08001	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción	CS0161	Plans de obra
				CSAXCE		Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	
				ZS08002	Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	CS0170	Traballos de campo e gabinete
	36017430	IES Ricardo Mella	Administración	ZS04001	Administración e finanzas	CS0057	Contabilidade e fiscalidade
			Sanidade	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	CM0311	Técnicas de axuda odontolóxica e estomatolóxica
	36024525	CIFP de Coia	Mantemento e servizos á produción	ZS17002	Mantemento de equipo industrial	CS0367	Calidade no mantemento e na montaxe de equipos e instalacións
						CS0378	Montaxe e mantemento de sistemas automáticos de produción
						CS0381	Montaxe e mantemento dos sistemas hidráulico e pneumático
						CS0384	Procesos e xestión do mantemento
CS0389						Proxectos de modificación do equipo industrial	
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	ZM04001	Xestión administrativa	CM0064	Contabilidade xeral e tesouraría
						CM0067	Produtos e servizos financeiros e de seguros básicos
						CM0068	Xestión administrativa de compravenda
						CM0069	Xestión administrativa de persoal

ANEXO II

A Coruña

Concello	Código centro	Centro	Familia profesional	Código ciclo	Ciclo formativo	Código módulo	Módulo
A Coruña	15027800	IES Imaxe e Son	Comunicación, imaxe e son	ZS07001	Realización de audiovisuais e espectáculos	CS0144	Realización en cine e vídeo
	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	Sanidade	ZS19007	Laboratorio de diagnóstico clínico	CS0470	Fundamentos e técnicas de análises bioquímicas

Concello	Código centro	Centro	Familia profesional	Código ciclo	Ciclo formativo	Código módulo	Módulo
Santiago de Compostela	15032391	CIFP Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago	Madeira e moble	ZS15002	Produción de madeira e moble	CS0322	Fabricación e instalación de carpintería e moble
						CS0326	Plans de seguridade en industrias da madeira e o moble
						CS0327	Procesos en industrias da madeira
						CS0331	Transformación de madeira e cortiza
						CS0333	Xestión de almacén en industrias da madeira e o moble

Lugo

Concello	Código centro	Centro	Familia profesional	Código ciclo	Ciclo formativo	Código módulo	Módulo
Mondoñedo	27006966	IES San Rosendo	Actividades agrarias	ZM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	CM0003	Aproveitamentos cinxéticos e piscícolas

Pontevedra

Concello	Código centro	Centro	Familia profesional	Código ciclo	Ciclo formativo	Código módulo	Módulo
Pontevedra	36006730	IES Frei Martiñ Sarmiento	Imaxe persoal	ZM12003	Perrucaría	CM0174	Cambios de cor no cabelo
Vigo	36013448	IES Manuel Antonio	Sanidade	ZS19007	Laboratorio de diagnóstico clínico	CS0470	Fundamentos e técnicas de análises bioquímicas
	36011634	IES Politécnico	Edificación e obra civil	ZS08001	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción	CS0169	Representacións de construcións
				ZS08002	Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	CS0171	Trazados viarios e abastecementos
						CS0FOL	Formación e orientación laboral
				ZM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	CM0121	Automatismos e cadros eléctricos
			Electricidade e electrónica	ZS09003	Sistemas de regulación e control automáticos	CS0200	Sistemas de medida e regulación
						CSAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
	36024525	CIFP de Coia	Mantemento e servizos á produción	ZS17002	Mantemento de equipo industrial	CS0380	Montaxe e mantemento dos sistemas eléctrico e electrónico
						CS0382	Plans de seguridade no mantemento e na montaxe de equipos e instalacións
						CS0FOL	Formación e orientación laboral
CS0RCT						Relacións no contorno de traballo	
36018173	IES de Teis	Imaxe persoal	ZS12001	Asesoría de imaxe persoal	CS0286	Protocolo e usos sociais	
					CS0287	Proxecto integrado	
					CM0062	Aplicacións informáticas	
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	ZM04001	Xestión administrativa	CM0063	Comunicación, arquivo de información e operatoria de teclados
						CM0066	Principios de xestión administrativa pública
						CM0FOL	Formación e orientación laboral

Orde do 19 de outubro de 2007 pola que se lle concede ao centro estranxeiro universitario, adscrito á Universidade de Dublín, Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia, Cesuga, S.L.-University College Dublin, autorización para a efectiva impartición do cuarto curso correspondente ao título Bachelor of Architecture, conforme ao sistema vixente noutro país.

Polo Decreto 74/2004, do 25 de marzo (DOG do 13 de abril), concédese ao Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia, *Cesuga, S.L.-University*

College Dublin, autorización para implantar os estudos correspondentes ao título *Bachelor of Architecture*, conducente á obtención de títulos non homologados cos do sistema educativo español.

No artigo 3 do devandito decreto indícase que a efectiva impartición do primeiro e dos sucesivos cursos de que constan os estudos a que se refire o artigo 1 deste decreto exixirá antes do comezo do respectivo curso a autorización correspondente mediante orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Para este fin, o centro deberá xustificar e especificar previamente, ante a consellería, a contra-